

## Entrevista | Aurora Marco López

CATEDRÁTICA E BIÓGRAFA AUTORIZADA DO BARDO DE TARAMANCOS

## «Os testemuños amosan que Antón tiña un profundo sentido da amizade»



SIMÓN BALVÍN

Ademais de ser unha das estudosas da súa vida e obra, a catedrática mantivo co autor unha relación de amizade

*A investigadora constatou, a través das numerosas fontes ás que tivo acceso nos últimos anos, o forte sentimento de amor que o vate noiés lle profesaba á súa terra, a Galicia*

## Sara Ares

CORRESPONSAL | NOIA

■ Catedrática de Didáctica da Lingua e a Literatura Galega na Facultade de Ciencias da Educación de Compostela, Aurora Marco semella, polo inxente volume de libros que leva publicados, unha canteira inesgotable de coñecemento, unha gorxa insaciable na búsqueda de novos filóns tralos que se agocha a sabedoría, a historia, a riqueza dun pobo. En marzo, a factoría cultural Toxosoutos puxo nas mans dos lectores un diamante labrado pola protagonista desta entrevista. Trátase da biografía máis completa e documentada do epicentro das Letras Galegas: *Avilés de Taramancos. Un francotirador da fermosura*.

—¿Cando xorde a idea de escribir este estudio?

—O mesmo día do ano pasado en que nos enteramos da decisión da academia de dedicarlle o 17 de maio. Púxenme a traballar de inmediato.

—¿Coñeceu persoalmente ó homenaxeado?

—Coñecino ós tres meses do seu regreso de Colombia, no

1980. Eu estaba en Taragona, nunha voda, e el pasou por alí co seu amigo Miguel Iglesias, que foi quen mo presentou.

*«Subliñaría a forza extraordinaria que trouxo de Colombia para porse a traballar pola súa terra»*

—¿Considérase amiga del?

—Eu non pertencía ó seu círculo de amizades, pero mantiña con el unha extraordinaria relación. Daquela, eu vivía de Santiago, ía pola tasca e conversaba con el. Lembro que cando enfermou, no 91, estaba preparando un proxecto de poesía para as escolas, no que lle íamos axudar Agrelo mais eu. Tiven a oportunidade de ler en público un dos últimos textos que escribiu, para a homenaxe a Xosé Agrelo.

—O estudio divídese en catro partes, que se corresponden coas etapas da vida do poeta. Destaque unha característica de cada unha, empezando pola infancia.

—Salientaría, sobre todo,

o espírito de liberdade que amosaba, segundo os testemuños, e o seu interese enorme pola poesía, a súa vocación literaria.

—A estadia na Coruña.

—Está marcada polo entusiasmo por profundizar na literatura como coñecemento, gracias a Urbano Luquí, e polo espírito bohemio.

—O período de emigración a Colombia.

—Destacaría a grande tristura que o acompañou, a saudade pola terra e o interese por divulgar desde a loxanía a literatura galega.

—Por último, o regreso a Itaca, á súa Noia natal.

—Subliñaría a forza extraordinaria que trouxo para porse a traballar pola súa terra, a enerxía renovada e os logradísimos froitos que dou a nivel literario, cultural e político.

—¿Que documento ou fonte de información lle resultou máis enriquecedora?

—Sobre todo, as fontes orais, das persoas que o trataron; os testemuños amosan que Antón tiña un profundo sentido da amizade.

## AURORA MARCO LÓPEZ

Nogueira de Albarracín (Teruel), 1948. Casada, dous fillos. Reside en Galicia dende 1957. Agora vive a cabalo entre Santiago e Miñortos (O Son).

## Afeccións

A lectura, o teatro e o cine

## Un libro

«Como xéneros, góstanme a biografía e a poesía; de escoller un título diría *Cantares gallegos*, de Rosalía»

## Unha película

*Memorias de África*

## Un lugar para vivir

Miñortos

## Un grupo musical

Sade

## Unha virtude

A sinceridade

## Un defecto

«Ainda que a sinceridade pode chegar a seño, diría e impaciencia»

## Unha manía

O perfeccionismo

—¿Cal é a xoia máis preciosa que contén o seu libro?

—Probablemente, as cartas que *Avilés* lle escribiu desde Colombia a Salvador García Bodaño. Nelas hai un sentimento moi forte de amor á terra e ós amigos. Tamén me impactou moito o testamento; é unha xoia literaria.

*«Como poeta, está no cumio da segunda metade do século XX»*

■ Na reconstrución da traxectoria vital de Antón Avilés de Taramancos, Aurora Marco López detívose moito en deixar ó descuberto ó ser humano.

—¿Que conclusións puido sacar da personalidade do escritor?

—A nivel persoal, diría que era un home dunha xenerosidade enorme, libre de espírito e cunha gran intelixencia natural. No tocante ó creativo, teño claro que dentro da literatura galega ocupa un lugar moi destacado; como poeta está no cumio da segunda metade do século XX.

—¿Cal cre que foi a súa maior virtude?

—Ser un home alegre, mistoso e afectuoso.

—¿E o defecto?

—Era moi irónico na súa faceta política, motivado sobre todo polas liortas partidistas propias das vilas.

*«Pastor Alonso fixolle a vida imposible, e outros compañeiros non o apoiaron»*

—¿Que representa Sofía Baquero na súa vida?

—Foi a muller á que quixo ata que morreu. Sofía é a persoa que o acompañou en todo momento, nas alegrías e nas adversidades.

—Algúns nacionalistas molestáronse cun comentario seu, recollido no libro, no que di que se lle acelerou a enfermidade de cos disgustos da etapa final como edill...

—Estou convencida de que foi como o conto. No verán do 91, mantiven con el unha conversa sobre este tema. Pastor Alonso atacouno e fixolle a vida imposible; mentres, outros compañeiros de goberno non o apoiaron.

—¿Está tendo o recoñecemento que merece?

—Estáse facendo moito desde a base, desde os colectivos. Tamén o Concello de Noia se volcou. Pero, a nivel doutras institucións, como a Xunta e as universidades, estase só a cumprir.